



## ❑ **Título da unidade:**

### *TEMA 1: CONCEPTOS BÁSICOS DE CARTOGRAFÍA*

## ❑ **Descrición xustificación:**

A cartografía é a ciencia que se encarga do estudo, e da elaboración dos mapas xeográficos. Nesta primeira unidade estudiaremos os conceptos básicos e mínimos de cartografía que nos permitan comprender os procedementos de traballo que utilizaremos ao longo do curso.

## ❑ **Obxectivos:**

Os obxectivos que se acadarán rematada a unidade son:

- Coñecer os conceptos básicos de cartografía.
- Coñecer a estrutura do sistema xeodésico de referencia utilizada en España.
- Identificar o código EPSG axeitado na nosa zona xeográfica.

## ❑ **Contidos:**

### Conceptuais:

- Os sistemas de referencia e coordenadas cartográficas: datum, sistema de coordenadas, sistema de referencia.
- O sistema xeodésico de referencia en España (RD 1071/2007 de 27 de xullo).
- Os códigos EPSG (European Petroleum Survey Group).

### Procedimentais:

- Lectura da documentación teórica.
- Elaboración das actividades e exercicios propostos.

### Actitudinais:

- Colaboración nos foros do curso co resto do alumnado.

## ❑ **Metodoloxía:**

A proposta de traballo utilizada no curso será a empregada nesta unidade. Unha vez revisada a guía didáctica da mesma deberás empezar estudando a documentación que se te ofrece para coñecer os conceptos básicos e os



procedementos de traballo. Cando consideres ter adquiridos os mesmos, realiza a autoavaliación da unidade e a tarefa proposta. Recorda colaborar cos teus compañeiros/as na resolución das dúbidas no foro.

### ❑ **Avaliación e mínimos:**

#### Criterios de avaliación:

- Recoñecer os sistemas de referencia e coordenadas cartográficas que se están a usar nos proxectos.
- Seleccionar correctamente o código EPSG preciso.

#### Ferramentas de avaliación:

- **Cuestionario** de autoavaliación online. Consistirá nun test verdadeiro/falso sobre a temática explicada.
- **Tarefa** ou actividade sobre a unidade. Deberás contestar as preguntas solicitadas ou incorporar “pantallazos” que demostren que realizaches as operacións propostas e posteriormente subir á plataforma o exercicio para a súa corrección.

#### Mínimos:

- O cuestionario de autoavaliación online debe ser superado cun 70% da nota e dispós dun número de intentos ilimitado para conseguilo.
- A tarefa deberá ser valorada cunha nota do 50% seguindo os criterios específicos de corrección para considerala superada.